



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

*Travesa dos Basquiños, 9, baixo  
15.704 Santiago de Compostela  
Tfno e fax: 981-570099  
Correo-e: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)*

## **ESCRITO DE ALEGACIONES**

Fins Eirexas Santamaría, con DI XXXXXXXX-X, secretario executivo de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) CIF X-XXXXXXXX, con enderezo a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños 9, baixo, 15704, Santiago de Compostela,

### **EXPÓN**

Que no trámite de información pública do expediente “SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A MODERNIZACIÓN DOS DESAUGADOIROS DE FONDO DA PRESA DO EUME, SITUADA NOS CONCELLOS DE MONFERO, AS PONTES E A CAPELA, PROVINCIA DA CORUÑA, ASÍ COMO O PROXECTO TÉCNICO E O DOCUMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL PRESENTADOS POR ENDESA GENERACIÓN, S.A”, apresentamos as seguintes,

### **ALEGACIONES**

#### **1. O caudal ecolóxico do Eume debe recuperarse e a concesión tamén**

Despois de 38 anos cun treito do río Eume totalmente curtocircuitado, a actual concesionaria ten o imperativo legal de desaugar o caudal ecolóxico fixado na regulamentación vixente, e actualizalo consonte as novas determinacións de caudais ecolóxicos que Augas de Galiza está a elaborar para as bacías de Galiza-Costa.

A obra de “modernización” dos desaugadoiros do encoro da Capela resposta sen dúbida a esta obriga legal, posta de manifesto polas numerosas denuncias que nos últimos anos vimos efectuando os colectivos ecoloxistas. Supón, portanto, o recoñecemento tácito por parte de Endesa Generación S.A. do incumprimento reiterado da lexislación de augas e de pesca fluvial e, consecuentemente das condicións da concesión do aproveitamento hidroeléctrico.

Por este motivo instamos á administración non só a garantir o cumprimento estrito por parte da concesionaria do caudal ecolóxico preciso para o normal desenvolvemento da vida no treito do Eume entre o encoro da Capela e a central hidroeléctrica, senon tamén a iniciar de

oficio (e logo de rematados os traballos de “modernización”) un procedemento de retirada ou caducidade da concesión do aproveitamento vixente dende o 1 de febreiro de 1960.

## **2. Os sedimentos non están suficientemente caracterizados e cubicados**

Os sedimentos depositados no muro do encoro logo de décadas de explotación da mina de lignito pardo de As Pontes, non fican correctamente caracterizados na documentación achegada pola peticionaria. Ao longo de toda a vida útil da mina Endesa verteu no Eume non só as augas de esorrentía da explotación mineira e as augas procedentes da estación depuradora, senón tamén unha serie de reactivos e substancias perigosas hoxe prohibidas que figuran nos Anexos do RD 60/2011, de 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no eido da política de augas. Portanto, e previamente a autorizar a súa remoción, debería analizarse nunha mostra suficientemente representativa dos sedimentos depositados no vaso, cando menos a respecto dos seguintes compostos: nitratos, fluoruros, cloruros, Fe, Mn, Cu, Zn, B, As, Cd, Cr total, Pb, Se, Hg, Ba, CN-, SO<sub>4</sub>2-, PO<sub>4</sub>3-, fenois, hidrocarburos disoltos ou emulsionados, HAP, plaguicidas totais, N total e substancias extraíbles con cloroformo, aliás do pH, osíxeno disolto e DQO.

A este respecto, chamamos tamén a atención sobre a incorrecta categorización dos sedimentos depositados no vaso, considerados pola peticionaria como “inertes non perigosos”. A da caracterización analítica previa, que apunta uns niveis de metais pesados (Cd, Cr, Zn e particularmente de As) superiores aos niveis de referencia (recomendacións de Canadá), como do uso de substancias perigosas durante a operación da mina cando menos dende 1960 até 1990, concluímos que, á marxe dos residuos da extracción de minerais non metálicos (código LER 01 01 02, inertes non perigosos), existen cando menos outros dous tipos de residuos non considerados e que deberían catalogarse como “non inertes perigosos”: Os estériles ácidos pola transformación dos sulfuros -mineralizacións con arsenopirita e outros compostos de xofre- (código LER 01 03 04\*) e outros estériles con substancias perigosas –nomeadamente As- (LER 01 03 05\*). Tendo en conta a caracterización destes residuos mineiros esperábeis no vaso do encoro como “non inertes perigosos”, as instalacións destinadas a albergar os materiais extraídos (non se menciona mais que irán a “vertedoiro” deberían ser clasificadas como de tipo A, a teor da Directiva 2006/21 CE, transposta ao ordeamento xurídico español polo RD 975/2009. Asemade, e dado o perigo de mobilización, especialmente os metais pesados, durante os labores de extracción a administración non debería autorizar ningunha proba de baleirado ou emisión de efluentes polas válvulas de fondo sen efectuar as correspondentes analíticas.

Queremos manifestar tamén as nosas dúbidas sobre a correcta cubicación dos sedimentos a extraer (1200 m<sup>3</sup> do vaso e 30-40 m<sup>3</sup> dos condutos de desaugue do fondo). Ao noso entender, tras décadas de actividade mineira o volume de lamas tóxicas e sedimentos depositados no vaso do encoro tería exceder con moito esta cantidade. Portanto, a administración debería considerar a posibilidade de que logo de “liberados” os desauges do fondo do encoro da masa de sedimentos que os atora, parte dos materiais presentes no vaso e non extraídos poderían remobilizarse polo efecto de arrastre causado polo fluxo de fondo. Para evitar este fenómeno a administración debería esixir da peticionaria con carácter previo a calquera autorización, unha completa caracterización cualitativa e cuantitativa dos sedimentos susceptibles de seren mobilizados unha vez estean operativas as válvulas de fondo, e non só daqueles directamente responsábeis da súa obstrución

### **3. Medidas de seguemento e control mais rigorosas e continuadas no tempo antes, durante e despois da entrada en funcionamento dos desaugues**

Dado o alto risco de remobilización de contaminantes, particularmente de metais pesados e outros compostos tóxicos e perigosos acumulados no vaso do encoro, a administración debería garantir mediante analíticas en continuo e mostraxes suficientemente representativas ao longo de toda a canle do Eume e na ría de Pontedeume (para os valores e compostos sinalados no punto 2) que en ningunha das fases do proxecto, nen os efluentes nen o río Eume vai superar os valores de referencia recomendados polas normas canadianas. Deste xeito, e especialmente durante as probas de caudal dos novos desaugadoiros e cando menos durante un ano hidrolóxico completo, os efluentes deberían ser monitorizados en todos os parámetros anteriormente apuntados, e non só con respecto aos sólidos en suspensión.

Considerando que unha das características toxicolóxicas dos metais pesados é a súa bioacumulación nos tecidos dos organismos vivos, en particular dos filtradores do medio bentónico, resulta imprescindible monitorizar a concentración destas substancias nos bivalvos explotados nos bancos marisqueiros da ría de Pontedeume antes e despois da entrada en funcionamento das novas válvulas.

Por todo o anteriormente exposto,

**SOLICITAMOS** que se teña por presentado este escrito e que se incorporen as medidas e consideracións expostas nestas alegacións á autorización ambiental emitida polo órgano correspondente.

En Compostela, a 23 de xullo de 2014,

Asdo.: Fins Eirexas, secretario executivo de ADEGA

**AO DIRECTOR DE AUGAS DE GALIZA**  
**CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E**  
**INFRAESTRUTURAS**